

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 15/10/2019

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA MIGUÉNS
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

Lista de non asistentes:

-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 15/10/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinario convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Toma de coñecemento dos cambios introducidos na representación do grupo político municipal de Vilagarcía en Común, en órganos colexiados municipais.

2. Aprobación, se procede, da proposta relativa á celebración do sorteo para a designación dos membros das mesas electorais con motivo das eleccións xerais do 10 de novembro de 2019.

3. Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa por Recollida de Lixo.

4. Aprobación, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal nº II.2 reguladora da taxa polo subministro de auga potable a domicilio, e dos prezos correspondentes ás acometidas, contadores e outros.

5. Aprobación, se procede, da modificación das tarifas da ordenanza Fiscal nº II.5 Reguladora da taxa por depuración de augas residuais.

6. Aprobación, se procede, do establecemento da ordenanza Fiscal nº II.16, reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS CAMBIOS INTRODUCIDOS NA REPRESENTACIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, EN ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 10 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal de Vilagarcía en Común de escrito comunicando a modificación dos representantes do citado grupo nos seguintes órganos:

FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS:

- TITULAR: Miguel Casanova Morera
- SUPLENTE: Feliciando Suárez Paz

CONSELLO LOCAL DA MULLER:

- TITULAR: Maria Mosquera Leal
- SUPLENTE 1: Lorena Lago Meijide

- SUPLENTE 2: Susana Coello Jueguen

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal de Marea da Vila de escrito comunicando a modificación de representantes nos seguintes órganos:

FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS:

- TITULAR: María de la O Fernández González
- SUPLENTE: Álvaro Penas Cascón

CONSELLO LOCAL DA MULLER:

- TITULAR: María de la O Fernández González
- SUPLENTE 1: Verónica Hermida Longa
- SUPLENTE 2: Andrea Obenza Pérez

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal de Ciudadanos de escrito comunicando a modificación de representantes nos seguintes órganos:

FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS:

- TITULAR: David Higinio Oliveira Barreiro
- SUPLENTE: Daniel Alejandro Orduña Puente

CONSELLO LOCAL DA MULLER:

- TITULAR: David Higinio Oliveira Barreiro
- SUPLENTE: Lisset Reiris Padín

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191015&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DO SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS XERAIS DO 10 DE NOVEMBRO DE 2019. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 10 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

O próximo día 10 de novembro de 2019 celébranse as Eleccións Xerais ao Congreso dos Deputados e ao Senado, sendo preciso realizar un sorteo público para a designación dos membros de Mesas Electorais, para o que se utilizará o Censo electoral vixente, cerrado o día 1 de xullo de 2019, que contén as variacións producidas no Padrón de habitantes ata o día 30 de xuño de 2019.

Na Provincia de Pontevedra elíxense sete Deputados e catro Senadores. Unha vez celebradas as eleccións as cámaras resultantes se reunirán en sesións constitutivas o día 3 de decembro de 2019, ás 10 horas.

O artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, modificada pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, establece o seguinte:

"O/A Presidente/a e os/as vocais de cada Mesa son designados/as por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

O/A Presidente/a deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Da mesma forma procédese ó nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa"

Nestas eleccións o Instituto Nacional de Estatística comunica ao Concello que a Mesa 4-2-C (Castroagudín), ao contar con menos de 200 electores foi dada de baixa e fusionouse coa mais cercana (Cea).

A última reforma lexislativa en materia electoral produciuse a raíz da Lei Orgánica 2/2018, de 5 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral para garantir o dereito de sufraxio de todas as persoas con discapacidade, nos seguintes termos:

Artículo único. Modificación de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General.

La Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, queda modificada en la forma siguiente:

Uno. Se suprimen los apartados b) y c) del punto primero del artículo 3.

Dos. El punto segundo del artículo 3 quedará redactado de la siguiente forma:

«2. Toda persona podrá ejercer su derecho de sufragio activo, consciente, libre y voluntariamente, cualquiera que sea su forma de comunicarlo y con los medios de apoyo que requiera.»

Tres. Se añade una disposición adicional octava con la siguiente redacción:

«A partir de la entrada en vigor de la Ley de modificación de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General para adaptarla a la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad, quedan sin efecto las limitaciones en el ejercicio del derecho de sufragio establecidas por resolución judicial fundamentadas jurídicamente en el apartado 3.1. b) y c) de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, ahora suprimidas. Las personas a las que se les hubiere limitado o anulado su derecho de sufragio por razón de discapacidad quedan reintegradas plenamente en el mismo por ministerio de la ley.»

A citada modificación legal entrou en vigor o día 7 de decembro de 2018.

Á vista do anterior, esta Alcaldía ven en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 54 mesas electorais, en total 486 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓN, polos/as funcionarios/as municipais encargados/as de tal función, no período sinalado polo calendario electoral, é dicir, entre os días 15 e 23 de outubro de 2019. Debendo estar efectuadas as notificacións das designacións e entrega de manuais aos membros das mesas o 26 de outubro como data límite.

Vilagarcía de Arousa, 3 de outubro de 2019.

O ALCALDE - PRESIDENTE;

Alberto Varela Paz.

Sinatura dixitalizada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP e Marea da Vila, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía relativa á celebración do sorteo para a designación dos membros das mesas electorais con motivo das eleccións xerais do 10 de novembro de 2019.

A continuación realízase na sesión plenaria o sorteo pola funcionaria Dona M^a Carmen Cores Miguéns.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar a proposta da Alcaldía en relación coa realización do sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 54 mesas electorais, en total 486 persoas, se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓN, polos/as funcionarios/as municipais encargados/as de tal función, no período sinalado polo calendario electoral, é dicir, entre os días 15 e 23 de outubro de 2019. Debendo estar efectuadas as notificacións das designacións e entrega de manuais aos membros das mesas o 26 de outubro como data límite.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191015&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.10 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 10 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.10 DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

A Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no artigo 11 engadiu un apartado 3.bis á disposición adicional 21^a da Lei 11/2013, de 26 de decembro, recollendo a posibilidade de establecer unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos, nunha porcentaxe que non excederá do 10% da cantidade que en concepto de canon estivera vixente no ano inmediatamente anterior.

A Consellería de Medio Ambiente, por Resolución de 15 de xaneiro de 2019, estableceu unha bonificación do canon unitario para 2019, correspondente ao 10% da contía que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 25.02.2019 acordou solicitar á Sociedade Galega do Medioambiente SA (Sogama) a aplicación da dita bonificación. Acordou tamén asumir o compromiso de trasladar a bonificación ás persoas beneficiarias do servizo a través da modificación da ordenanza fiscal correspondente.

Á vista do informe-proposta da tesoureira e do informe favorable da secretaria, proponse:

Primeiro: Engadir unha Disposición Adicional á ordenanza fiscal vixente co seguinte literal:

Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia estableza unha bonificación do 10% do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos de Sogama e o Concello de Vilagarcía de Arousa deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establécese unha bonificación que minorará o importe da tarifa de xeito proporcional a cada obrigado tributario, por un importe total equivalente ao da dita bonificación.

A bonificación practícase no padrón do primeiro semestre do ano natural seguinte ao da aplicación da ordenanza fiscal municipal, previo acordo da Alcaldía no que se determine o importe total da minoración a practicar.

Segundo: Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

Terceiro: O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 Reguladora da Taxa por Recollida de Lixo.

Realízase o debate conxunto dos asuntos que figuran nos puntos 3, 4, 5 e 6 da Orde do Día, procedendo á votación dos mesmos por separado.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 Reguladora da Taxa por Recollida de Lixo da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (4) e BNG (1), e unha abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 Reguladora da Taxa por Recollida de Lixo e:

Primeiro: Engadir unha Disposición Adicional á ordenanza fiscal vixente co seguinte literal:
Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia estableza unha bonificación do 10% do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos de Sogama e o Concello de Vilagarcía de Arousa deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establécese unha bonificación que minorará o importe da tarifa de xeito proporcional a cada obrigado tributario, por un importe total equivalente ao da dita bonificación.

A bonificación practícase no padrón do primeiro semestre do ano natural seguinte ao da aplicación da ordenanza fiscal municipal, previo acordo da Alcaldía no que se determine o importe total da minoración a practicar.

Segundo: Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

Terceiro: O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191015&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, E DOS PREZOS CORRESPONDENTES ÁS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 10 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2020.

Por escrito de data 13/09/2019 (nº rex. entr. WEB2019004174 do 13/09/2019), Espina y Delfín, SL, empresa concesionaria do servizo, efectúa proposta de variación das tarifas contidas no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2, reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, para o ano 2020.

Propónse a variación das tarifas actualmente en vigor, correspondentes ao ano 2019, conforme ao cadro de incrementos presentado no concurso de adxudicación do servizo, máis a actualización das tarifas na porcentaxe correspondente ao IPC interanual do 0,5% de xullo a xullo

(na presente proposta de xullo/2018 a xullo/2019) con efectos para o 2020.

Informado favorablemente pola secretaria e tesoureira, propoño que pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta do art. 9 da Ordenanza fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio, así como dos prezos das acometidas, contadores e outros, tal e como consta no informe da tesoureira para a ordenanza de auga potable e para os prezos das acometidas, contadores e outros, con exclusión das tarifas por desprecintado para reposición de subministro e outra por reposición de subministro despois dun corte por solicitude de baixa ou por impago de recibos, que non estaban previstas na ordenanza para o 2019.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal Nº II.2 así como dos prezos das acometidas, contadores e outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG e Marea da Vila, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense. A persoa representante de Vilagarcía en Común absténse.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente aprobación da modificación das tarifas da Ordenanza Fiscal nº II.2 Reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio, e dos prezos correspondentes ás acometidas, contadores e outros para o ano 2020, coa excepción da tarifa por reposición de subministro por importe de 18,59 €/unidade, que se informa desfavorablemente.

Sometida a votación polo Sr. Alcalde a modificación das tarifas da Ordenanza Fiscal nº II.2 Reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio, e dos prezos correspondentes ás acometidas, contadores e outros, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e BNG (1), e cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4) e Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da modificación das tarifas da Ordenanza Fiscal nº II.2 Reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio, e dos prezos correspondentes ás acometidas, contadores e outros para o ano 2020.

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta do art. 9 da Ordenanza fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio, así como dos prezos das acometidas, contadores e outros, tal e como consta no informe da tesoureira para a ordenanza de auga potable e para os prezos das acometidas, contadores e outros, con exclusión das tarifas por desprecintado para reposición de subministro e outra por reposición de subministro despois dun corte por solicitude de baixa ou por impago de recibos, en ambos casos, por importe de 18,59 € que se rexeita.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal Nº II.2 así como dos prezos das acometidas, contadores e outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191015&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL Nº II.5, REGULADORA DA TAXA POR DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 10 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta de Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2020.

Por escrito de data 13/09/2019 (nº rex. entr. WEB2019004174 do 13/09/2019), Espina y Delfín, SL, empresa concesionaria do servizo, efectúa proposta de variación das tarifas contidas no artigo 9 da Ordenanza fiscal nº II.5, reguladora da taxa de depuración de augas residuais, para o ano 2020.

Propónse a variación das tarifas actualmente en vigor, correspondentes ao ano 2019, actualizadas na porcentaxe correspondente ao IPC interanual do 0,5% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2018 a xullo/2019) con efectos para o 2020.

Informado favorablemente pola secretaria e tesoureira, propoño que pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Actua das tarifas actualmente en vigor contidas no art. 5 da Ordenanza para o ano 2020 na porcentaxe do +0,5% correspondente ó IPC interanual de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2018 a xullo/2019).

En base ao exposto propónse que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal nº II.5 reguladora da taxa de depuración de augas residuais para o 2020, incrementándoas na porcentaxe do +0,5% correspondente ó IPC interanual de xullo/2018 a xullo/2019.

Segundo.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

Terceiro.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2020.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG e Marea da Vila, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense. A persoa represenante de Vilagarcía en Común absténse.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación das tarifas da Ordenanza Fiscal nº II.5, Reguladora da Taxa por depuración de augas residuais.

Sometida a votación polo Sr. Alcalde a aprobación da modificación das tarifas da Ordenanza Fiscal nº II.5, Reguladora da Taxa por depuración de augas residuais da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e BNG (1), e cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4) e Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría,

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal nº II.5 reguladora da taxa de depuración de augas residuais para o 2020, incrementándoas

na porcentaxe do +0,5% correspondente ó IPC interanual de xullo/2018 a xullo/2019.

Segundo.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

Terceiro.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191015&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO DA ORDENANZA FISCAL Nº II.16, REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 10 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTA DE ESTABLECEMENTO E ORDENACIÓN DA ORDENAZA FISCAL Nº II.16 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRASPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

Dada a existencia de utilizacións do dominio público con instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga, hidrocarburos e similares, e en uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, considérase necesario o establecemento dunha taxa por esta utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Por resolución de alcaldía de 16.04.2019 foi incoado expediente para o establecemento e ordenación da ordenanza fiscal, á vista do informe técnico económico e o proxecto de texto da ordenanza fiscal elaborado por Noroeste Local SL.

Emitidos os informes preceptivos, que se incorporaron ao expediente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o establecemento e ordenación da Ordenanza fiscal Nº II.16 reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos,

co seguinte literal:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, os artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 15 a 19, 20 a 27 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda, mediante a presente Ordenanza Fiscal, a imposición e ordenación da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

A aplicación da presente ordenanza refírese ao réxime xeral, que se corresponde coa taxa establecida no artigo 24.1 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local nos que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do veciñanza e que ocupen o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, circunstancias previstas no artigo 24.1 c) do citado Real decreto.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, de acordo có artigo 20 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu solo, subsolo e voo con:

1. Instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica con todos os seus elementos indispensables que aos meros efectos enunciativos defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público non mencionados neste apartado.
2. Instalacións de transporte e distribución de gas, auga, hidrocarburos e similares.

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Aos efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que se atopen no termo municipal, así como os bens comunais ou pertencentes ao común dos veciños, exceptuándose por elo os denominados bens patrimoniais.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que desfruten, utilicen ou aproveiten o dominio público local.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa, coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores de electricidade, auga, gas e hidrocarburos, sempre que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos

supostos previstos nos artigos 20 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, subministran e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo neste Concello ou en calquera outro lugar, pero que utilicen ou aproveiten o dominio público municipal, afectando coas súas instalacións ao dominio público local.

Artigo 4.- Responsables

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 6.- Bases, tipos e cotas tributarias

A contía das taxas reguladas na presente ordenanza será a seguinte:

Constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no Anexo, conforme ao previsto no artigo 24.1 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas por dita utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, coma se os bens afectados non fosen de dominio público, adoptado á vista de informes técnico económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado. Dito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.

A tal fin e consonte o artigo 24.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial, resultará a cota tributaria correspondente para elementos tales como torres, soportes, postes, tubaxes, liñas, condutores, repetidores, etc., que se asentan e atravesan bens de uso, dominio ou servizo público e bens comunais e que, en consecuencia, non tendo os suxeitos pasivos a propiedade sobre os terreos afectados, minguan sen embargo o seu aproveitamento común ou público, e obteñen sobre os mesmos unha utilización privativa ou un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

A cota tributaria resultará de calcular en primeiro lugar a base impositiva que ven dada polo valor total da ocupación, solo e instalacións, dependendo do tipo de instalación, destino e clase que reflicte o estudio, á que se aplicará o tipo impositivo que recolle o propio estudio en atención ás prescricións das normas sobre cesión de bens de uso e dominio público, de modo que a cota non resulta dun valor directo de instalacións e ocupacións, que é o que constitúe a base impositiva, senón do resultado de aplicar a esta o tipo impositivo.

En consecuencia, a cota tributaria da taxa está contida no Anexo de Tarifas correspondente ao estudio técnico económico que forma parte desta ordenanza, no que coa metodoloxía empregada obtívose e recolleuse a cota tributaria en cada caso.

Artigo 7.- Período impositivo e devindicación

1. O período impositivo coincide có ano natural, salvo nos supostos de inicio na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en que abarcará dende a data de inicio ata o final do ano natural.

2. A taxa devíndicase o primeiro día do período impositivo.

Nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, as cotas ratearanse trimestralmente, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre no que ten lugar a alta.

b) No caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel no que se orixine o cesamento.

3. A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos ou utilizacións privativas do dominio público local, no momento de solicitar a licenza correspondente, ou no momento de realizar o aproveitamento definido nesta ordenanza, se se tivera realizado sen a preceptiva licenza.

b) Cando o desfrute do aproveitamento especial ou a utilización privativa do dominio público local a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se inicie o citado aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

4. Cando os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do dominio público local se prolonguen durante varios exercicios, a devindicación da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 8.- Normas de xestión

1. Para a liquidación da taxa regulada na presente ordenanza, o obrigado tributario deberá presentar, no prazo de trinta días naturais, contados dende o día seguinte a aquel no que nace a obriga, segundo o disposto no artigo 7.2 da presente ordenanza, unha declaración tributaria onde se comuniquen todos os elementos necesarios para que a Administración poida calcular a débeda tributaria e practicar a correspondente liquidación.

2. Nos supostos de aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas continuadas e en tanto non se produza o seu cesamento, tras a primeira liquidación practicada conforme ao parágrafo 1 do presente artigo, os obrigados tributarios serán incorporados a unha lista cobratoria ou padrón da presente taxa, elaborado a partir dos datos contidos na declaración mencionada no punto 1 do presente artigo, e que será notificado persoalmente ao suxeito pasivo ou ben de forma colectiva mediante exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello polo período correspondente, e que se anunciará, neste último caso, no Boletín Oficial da Provincia.

Unha vez incluídos no padrón, o pagamento da taxa regulada nesta ordenanza realizarase nos prazos que se sinalen para o cobro das débedas de notificación colectiva e periódica. A non recepción do documento de pagamento non invalida a obriga de satisfacer a taxa.

Os suxeitos pasivos deberán comunicar calquera variación de orde físico, económico ou xurídico que se produza no aproveitamento especial ou utilización privativa e que teña transcendencia a efectos desta taxa, no prazo de un mes dende a data en que se produza. Ditas variacións producirán efectos a partir do trimestre seguinte a aquel no que se produzan.

3. As persoas físicas ou xurídicas e demais entidades interesadas na concesión de aproveitamentos ou na utilización privativa regulados nesta ordenanza ou titulares de concesións administrativas ou outras autorizacións legais, que non contén coa preceptiva, no seu caso, licenza municipal, deberán solicitar a mesma e cumprir os trámites legais que resulten de aplicación, sen que a falta da mesma lles exima do pagamento da taxa.

